



Vilagarcía, 8 de novembro de 2016

Está aberto o proceso electoral para elixir representantes no Consello Escolar da nosa EOI. Ten gran importancia debido a que se renova a maioría dos membros ao engadir as vacantes existentes. Hai que elixir:

- **2 representantes de pais/nais/titores.**
- **5 docentes.**
- **3 representantes do alumnado (un deles é a persoa elixida para presidir a xunta de delegados).**

Dado que o Consello Escolar é un órgano de gran transcendencia na vida da nosa comunidade escolar, a máis de ser o órgano que garante a participación dos distintos sectores no funcionamento da EOI, é polo que se chama á participación a todos os membros da comunidade educativa neste proceso.

A Xunta Electoral, encargada de vixiar o correcto cumprimento dos distintos procesos e garantir a limpeza e igualdade dos mesmos, está constituída e as datas clave son as seguintes:

- **A partir do 9 de novembro exposición do Censo Electoral dos distintos sectores.**
- **do 9 ao 16 de novembro: presentación de candidaturas.**
- **19 de novembro: proclamación de candidatos.**
- **20 e 21 de novembro: reclamacións ás candidaturas.**
- **28 de novembro: votacións dos distintos sectores.**
- **29 de novembro: proclamación dos candidatos elixidos.**

Pódense recoller na Conserxería ou descargar da web impresos para a presentación de candidaturas. O Censo pódese consultar na secretaría do centro no horario habitual de atención ao público, ou solicitándollo a un dos membros do equipo directivo se non puideses facelo nese horario.

Como presidente da Xunta Electoral estou á disposición de todos os membros da comunidade educativa para resolver calquera dúbida que poida xurdir con respecto ao procedemento.

Juan M Paz Valle  
Director – presidente da xunta electoral